



INCENDIARIA

#COMO TEN QUE SER, COMO UN HOME

#ESCAMA

#CARNE

#PLUMA

#SANGUE

#INFANCIA

unha re-construción de **DAVIDE GONZÁLEZ**
dirixida por **VANESA SOTELO**

MICROSPECTIVAS DUN *MARICA* MILLENNIAL

COPRODUCEN



AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



Xacobeo 2021
Galicia




XUNTA
DE GALICIA

CO APOIO DE



Non se pode ir cara atrás. Un marica por definición,
só ten futuro. Non é preciso moita arqueoloxía para
empezar a pedradas contra todo. Así que, a que
estamos esperando?

(Paco Vidarte)



MICROSPECTIVAS DUN MARICA MILLENNIAL

Microspectivas dun marica millennial
nace das conversas con Luís e Martín.

Nace da intimidade compartida. Desa intimidade máis persoal:

A I N F A N C I A

A idea xeradora do proxecto é a memoria.
Un recordo que reaparece cando Luís e
Martín falan das fotografías de cando eran cativos.

Do libro de Little Joe "Me acuerdo,
veintitrés memorias de veintitrés hombres gay.
En homenaje al auténtico
Me acuerdo de Joe Brainard".
De "We can be heroes" de Roberta Marrero.

Xorde da necesidade de atopar as accións, os movementos, a poesía e
a música que ferven na memoria máis física da miña infancia marica.

É esta, pois, unha proposta íntima que trata de camiñar polos
lindes da performance, da música, das artes do movemento e da creación
escénica contemporánea.

Esta creación
fala das
dificultades.
De encaixar.
De quererse.
De falar de
amor nunha
casa onde o
amor non se
deixa ver nin
se deixa
sentir.
De atoparse
con iguais.
De pertencer a
un colectivo
enorme cheo de
De observar o
pasado
De facer memoria.

A RESTROSPECTIVA É UN DON



I N F A N C I A

O M B L I G O

M U N D O

P O R E L C U L O

C A R N E

S A N G R E

P L U M A

E S C A M A

É T I C A

M A R I C A

F A M I L I A

C O L E C T I V O

MICROSPECTIVAS DUN MARICA MILLENNIAL

Microspectivas dun marica millennial, re-busca nos referentes vitais, artísticos e profesionais.

Trata de como construírse coma un ser ético e moral.

De ter que escoller. Da auto-cuestión. De "oír ver y callar".

Do meu pai. Da descuberta. Do silencio durante días. De amosar.

De pendentos estafalados. De miradas cheas de decepción. De agochar.

Dun lápis negro. Da miña nai. Da "farándula". Do que para min é o meu traballo. Dunha vida sinalada polos prexuízos. Dos ollos pintados.

"De putas y maricones". Da vida no rural. Duns zapatos de tacón.

Das cores dun catálogo de Pantone. Do meu primeiro bico. Dos desexos da maternidade. De crear. Da adopción ou dos ventres de aluguer. De luces e purpurina. De Ricky Martin "cando aínda non era" gay.

De ter que me esforzar por demostrar moito máis.

Da primeira vez que merquei unha revista pornográfica. Da miña primeira comunión. De Lilith. Da palabra de Deus. De cargar con grandes pesos para reivindicar que "queer" non é sinónimo de debilidade. Da mentira.

De "yo confieso ante Dios todopoderoso".

Dos corredores dun instituto cheo de covardes. A revista era de porno heterosexual. De non me decatarmos da miña homofobia. Da miña primeira vez.

Das fobias dos homes. Da ausencia da educación nos centros educativos.

De escoitar que hai xoguetes para nenos e outros para nenas. De dez anos estudando música. Da hipocresía. Da miña verdadeira primeira vez.

De ser "cool" por ser "o amigo gay". De estar á moda.

Da saída do armario. Da plumofobia. Do distanciamento.

De preguntas incómodas.

Do atrevemento.

Nace do propio rexeitamento.

Da propia represión.

Da búsqueda de aprobación.

De estar orgulloso.



Da cara de satisfacción dun pai por un fillo que aproba o exame práctico á primeira, "como ten que ser, coma un home".

Da propia aceptación. Do sobreesforzo que temos que facer.

Das apariencias.

Da falsa invisibilidade que prometen as cidades.

De horas agardando sentado na maleta dun saxofón.

De cando peiteaba cabaliños de xoguete. De "yo no sé que haría si tengo un hijo maricón". Da vez que mexei por min na clase de educación física.

Das fantasías homoeróticas que tiña cos compañeiros do instituto.

De todas as veces que me chamaron maricón.

Dos sábados pola mañá camiñando so pola casa cos zapatos da miña nai.

Das tardes nas que faciamos "playback" no centro cultural. Da excitación que nos provocaba meternos man a min e aos meus "amigos". Do medo.

Do sexo. Do descoñecemento.

Da vez que pinteí o embigo con laca de unllas e purpurina. Da vez que re-neguei da miña condición cando un cativo rindo de min me preguntou se eu era marica. De atopar pracer no sufrimento.

De cando paseaba pola casa cunha manta coma se fose unha cola dun longo vestido.

De "temos que ir ao médico entón". De oír falar sobre o SIDA. De "iso é o normal en xente coma vós. Mira ese presentador da televisión".

De horas con bagoas nos ollos. De querer declararlle a guerra, con todas as miñas forzas, ás farmacéuticas. De con-vivir con total normalidade.

De preguntar-me que é o normal.

Da aprendizaxe durante anos observando o mundo a través do filtro tintileante das bágoas nos meus ollos.

Da felicidade que me provoca chorar mentres me ducho.

A COMPAÑÍA

É unha plataforma artística nacida en 2014- como laboratorio de creación- e composta por Vanesa Sotelo e Davide González, que fundamenta o seu traballo na investigación e na creación escénica contemporánea.

No 2014, traballan a partir da peza *Memoria do Incendio*, de Vanesa Sotelo para reparar na construción da personaxe a partir do traballo co corpo. No 2016, dende ese traballo de laboratorio propio de creación e investigación, xorde a peza *Contramateria*, unha proposta fundamentada no estudo do tempo en diversas accións escénicas. No 2018, Incendiaria estrea a súa primeira montaxe profesional, *Eila*, coa que forma parte da programación do Festival Vigo en Bruto, impulsado polo Teatro Ensalle. Esta é unha montaxe que ten como punto de partida unha serie de poemas de Rosalía de Castro musicados por Davide González. A liña de traballo de investigación con obxectos, co estudo dos tempos, coas reaccións e coa presenza escénica foron as xeradoras dunha dramaturxia visual e sensorial onde a hibridación de xéneros como a música, a performance, a poesía ou o movemento, convivían entre si facendo de *Eila* unha proposta escénica-musical que ía alén do recital.

Actualmente, presenta o seu último espectáculo, *Microspectivas dun Marica Millennial*, unha coprodución do Centro Dramático Galego, que naceu dentro das III Residencias Paraíso grazas ao apoio do Colectivo RPM. Ademais, as súas integrantes traballan na creación de *Espécies Lázaro*, unha produción da compañía portuguesa Teatro Art'Imagem con estrea prevista para a primavera de 2021.

POR QUE MICROSPECTIVAS?

A crecente (re)aparición e a aparente (re)afirmación social de ideoloxías que atentan contra a vida e os dereitos das persoas LGTBQA+ xera un estado de shock que nos conduce a reflexionar sobre momentos da infancia que afectaron á hora de construírnos como persoa.

Por esta razón, dende Incendiaria e grazas ao apoio do colectivo RPM coas III Residencias Paraíso, decidimos levar a cabo unha fonda investigación que remata coa posta en marcha do que será o espectáculo *Microspectivas dun marica millennial*.

Dito espectáculo é unha reivindicación da memoria, do respecto polo amor e pola vida. Un espazo de pensamento desde o que cuestionar as certezaas impostas que predestinan a construción da identidade.

Microspectivas dun marica millennial é un espectáculo atrevido, irreverente e cargado de poesía que fala da liberdade, da memoria, da infancia, da importancia de coñecer o pasado e da necesidade de ter referentes fortes para re-construír o noso presente e así pensar un futuro mellor.

S I N O P S E

Microspectivas dun Marica Millennial é un espectáculo íntimo e cargado de poesía desde o que cuestionar as certezas impostas que predestinan a construción da identidade.

A partir da música e as artes do movemento, *MMM* ofrece un espazo de tronso no que redescubrir as raíces e refundar o presente.

#MICROSPECTIVASDU

DIRECCIÓN

Vanesa Sotelo

IDEA ORIXINAL

Davide González

DRAMATURXIA

Vanesa Sotelo/Davide González

INTERPRETACIÓN

Davide González

ILUMINACIÓN

Laura Iturralde

ESPAZO ESCÉNICO

Carlos Alonso

INDUMENTARIA

Carlos Alonso/Davide González

SONOPLASTIA

Davide González

VÍDEO EN ESCENA

Laura Iturralde

FOTOGRAFÍA

Laura Iturralde/Lucía Estévez

VÍDEO PROMOCIONAL

Lucía Estévez

VOZ EN OFF

Eduardo Cunha—"Tatán"

NMARICAMILLENNIAL

Titulada en Dirección de escena e Dramaturxia pola ESAD de Galicia, na última década asina espectáculos para diferentes compañías como é o caso de *Kamouraska*, *A illa das mulleres loucas*, *Antiheroica*, *Eila*, *Laica*, así como a asistencia de dirección para o *Tartufo* do CDG. O seu traballo foi presentado en festivais internacionais de Galicia, Brasil Colombia, México ou Venezuela. Ata outubro de 2020 foi a directora da *erregueté-Revista Galega de Teatro* e combina o seu traballo creativo coa faceta como pedagoga en diversos colectivos e institucións de Galicia e Portugal.



VANESA
SOTELO

Ten traballado como actor e músico en espectáculos como *Pum Pum!*, *Eila*, *Amor de pé* e *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* do CDG.

Ademáis ten compostas músicas para teatro e audiovisual, onde destacan composicións para espectáculos como *Contos do Recreo*, *Invisibles*, *O mozo da última fila*, *Puño, puñete* e *O mel non caduca*

Na liña do audiovisual destaca a creación musical para curtametraxes, videocreacións e videodanzas como *Cristalina*, *Volver Allí*, *Naufragio*, *Life Time ISA*, *Change that tune* e o videoensaio premiado pola Academia Galega do Audiovisual, *Muller Personaxe*, de Lucía Estévez.

Como director, asina os espectáculos *Muiñada* e *Carabela* para a compañía Galeatro.




DAVIDE
GONZÁLEZ

MICROSPECTIVAS DUN MARICA MILLENNIAL
EQUIPA ARTÍSTICA

Escenógrafo, figurinista, deseñador de vestuario e activista teatral de formación autodidacta.

Gañador de 11 premios María Casares na modalidade de escenografía e vestuario, ten traballado coas principais compañías do panorama teatral galego, colaborando en máis de cen espectáculos profesionais tanto en grupos independentes como no Centro Dramático Galego.

De igual modo, no seu traballo no eido audiovisual foi nominado aos premios Mestre Mateo na categoría de mellor vestuario.



CARLOS
ALONSO

Escenógrafa, iluminadora e videojockey.

É Técnica Superior en Imaxe pola Escola de Imaxe e Son de Vigo, Técnica Superior en Gráfica Publicitaria pola Escola de Arte de Salamanca e Titulada Superior en Arte Dramática na especialidade de Escenografía pola ESAD Galicia.

Desenvolve a súa actividade profesional en diversos eidos, maioritariamente relacionados coas artes escénicas, nos que se ocupa da parte plástica e técnica como iluminadora, escenógrafa e videocreadora. Nos últimos anos traballa en diferentes compañías como Xarope Tulú, Cía Prácido Domingo, Inversa Teatro, Cía Borja Fernández, A Panadaría, Triatreros ou IlMaquinario.

En 2018 gaña o premio María Casares á mellor escenografía xunto con Montserrat Piñeiro polo seu traballo en *Resaca*, de IlMaquinario.



LAURA
ITURRALDE

#ORZAMENTOPORFUNCIÓN

2.371,6 € (I.V.E. Engadido)

#DURACIÓN

60 Minutos

#PÚBLICORECOMENDADO

Maior de 16 anos

#MICROSPECTIVASDU

MICROSPECTIVAS DUN MARICA MILLENNIAL

#ESPECTÁCULO HÍBRIDO
#HIBRIDACIÓN DE GÉNEROS
#TEATRO CONTEMPORÁNEO
#TEATRO GALEGO
#MARICA GALAICA
#ARTES VIVAS
#MEMORIA
#INFANCIA
#MARICA
#LGTBIQA+
#INCENDIARIA

N MARICA MILLENNIAL

#RIDERTÉCNICO

#Contacto técnico: Laura Iturralde (637 114 563)

#Necesidades xerais

- Tempo de montaxe: 6 horas
- Tempo de desmontaxe: 4 horas
- Persoal: 1 técnico/a de iluminación, 1 técnico/a de sonido, 1 técnico/a de video
- Espazo sen aforar
- Dimensións: 8m x 6m

#Iluminación

8 PARled RGBW ou RGBA (CHAN)
48 canles dimmer
(24 para focos aportados pola compañía NO CHAN)
Cableado DMX para un dimmer mono no escenario

#Son

Conexión portátil (mini jack) a mesa
1 DI
1 bafle autoamplificado
2 monitores de retorno
Amplificación acorde ás características da sala

#Videoproxestión

Proxestión frontal sobre fondo de escena, luminosidade do proxector acorde ás características da sala







INCENDIARIA

#COMO TEN QUE SER, COMO UN HOME

#ESCAMA

#CARNE

#PLUMA

#SANGUE

#INFANCIA

unha re-construción de **DAVIDE GONZÁLEZ**
dirixida por **VANESA SOTELO**

MICROSPECTIVAS DUN *MARICA* MILLENNIAL

COPRODUCEN



AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



Xacobeo 2021
Galicia



XUNTA
DE GALICIA

CO APOIO DE

